



Na sede da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, rúa Carretas nº 33, da cidade de Santiago de Compostela, no día vinteseis de Xullo de dous mil dezaoito, reunense o Director da devandita Cátedra, Dr. D. Domingo L. González Lopo e a codirectora Dra. Dna Adeline Rucqoi, estando ausente por motivos de saúde o codirector D. Segundo López Pérez, para decidir a concesión do *Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e das Peregrinacións*, convocado pola citada Cátedra o dezaoito de Abril do ano en curso.

Pechado o prazo de entrega de solicitudes o derradeiro 29 de Xuño, presentáronse as seguintes candidaturas, según orde de chegada:

1º.- Miriam Elena Cortés López, *De tiros, huellas y arrimos. Historia de la escalera monumental en Santiago de Compostela*. Andavira, Santiago de Compostela, 2017.

2º.- Antonella Palumbo, *Peregrinatio ad limina Sancti Jacobi et Sancti Michaelis Achangeli: differenze e analogie nei culti di San Giacomo il Maggiore e San Michele Arcangelo*. Tesis Doctoral defendida en l'Universitá degli Studi “G. d'Annunzio” Chieti-Pescara el 13 de Julio de 2017.

3º.- Luis Poveda Talavera, *Las bendiciones a los peregrinos en el Rito romano*. Roma, 2017.

4º.- Ruth Varela, *Flor de Santiago*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia/Flor de Santiago. Santiago de Compostela, 2017.

Avaliadas en función dos obxetivos sinalados os traballos e según o baremo que figura na convocatoria, acadaron a seguinte calificación:

1º.- Miriam Elena Cortés López. Interesante traballo de Historia da Arte en Santiago de Compostela, pero que non cumpre a condición básica da convocatoria: “tema de estudio o Camiño de Santiago ou as Peregrinacións”. Queda por tanto desestimado.


2º.- Antonella Palumbo: orixinalidade do traballo, 2,5; novas aportacións, 2,5; metodoloxía, 2,5; bibliografía, 1; cualidades formais: 1,5. Total: 10 puntos

3º.- Luis Poveda Talavera: orixinalidade do traballo, 2; novas aportacións, 2; metodoloxía, 2,5; bibliografía, 0,5; cualidades formais: 1,5. Total: 8,5 puntos.

4º.- Ruth Varela. Interesante traballo, pero que tampouco cumpre a condición básica da convocatoria: “tema de estudo o Camiño de Santiago ou as Peregrinacións”. Queda por tanto desestimado.

Por tanto, vistos os resultados anteriores, os responsables da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións arriba citados, acordan outorgar o *Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e das Peregrinacións* da edición 2018 a Dra. Dna. Antonella Palumbo, polo seu traballo *Peregrinatio ad limina Sancti Jacobi et Sancti Michaelis Achangeli: differenze e analogie nei culti di San Giacomo il Maggiore e San Michele Arcangelo*.

E para que a todo efecto conste, asino a presente en Santiago o día quince de Outubro de 2018.



Asdo.: Domingo L. González Lopo  
Director da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións